



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 15
16 de setembro de 2020

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 9 de setembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2018/848, sobre produción ecolóxica, no que respecta á data de aplicación e a outras datas que nel se mencionan (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2020) 483 final] [2020/0231 (COD)]

-11/UECS-000014 (1546)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2018/848, sobre produción ecolóxica, no que respecta á data de aplicación e a outras datas que nel se mencionan (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2020) 483 final] [2020/0231 (COD)] [2869](#)

Resolución da Presidencia, do 9 de setembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 168/2013 no que respecta a medidas específicas sobre os vehículos de fin de serie de categoría L en resposta á pandemia de COVID-19 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2020) 491 final] [2020/0251 (COD)]

-11/UECS-000015 (1547)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 168/2013 no que respecta a medidas específicas sobre os vehículos de fin de serie de categoría L en resposta á pandemia de COVID-19 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2020) 491 final] [2020/0251 (COD)] [2877](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 11 de setembro de 2020, pola que se declara vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado polo deputado D. Álvaro Pérez López, como consecuencia da súa toma de posesión como secretario xeral da Presidencia da Xunta de Galicia, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 119/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro de 2020) [2860](#)



2.2.5. Composición das comisións

Resolución da Presidencia, do 15 de setembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior (doc. núm. 1909) [2884](#)

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios

Creación dunha Comisión non permanente especial de estudo para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade [2861](#)

Creación dunha Comisión non permanente especial de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres [2862](#)

Creación dunha Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia [2863](#)

Creación dunha Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19 [2863](#)

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.1. Constitución do Parlamento

2.4.1.3. Validación dos acordos da Deputación Permanente

Resolución da Presidencia, do 15 de setembro de 2020, relativa aos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da Cámara da X lexislatura o 11 de febreiro de 2020 [2864](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 9 de setembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2018/848, sobre produción ecolóxica, no que respecta á data de aplicación e a outras datas que nel se mencionan (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2020) 483 final] [2020/0231 (COD)]

-11/UECS-000014 (1546)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2018/848, sobre produción ecolóxica, no que respecta á data de aplicación e a outras datas que nel se mencionan (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2020) 483 final] [2020/0231 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 1546, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2018/848, sobre produción ecolóxica, no que respecta á data de aplicación e a outras datas que nel se mencionan (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2020) 483 final] [2020/0231 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.



3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 9 de setembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 168/2013 no que respecta a medidas específicas sobre os vehículos de fin de serie de categoría L en resposta á pandemia de COVID-19 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2020) 491 final] [2020/0251 (COD)]

-11/UECS-000015 (1547)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 168/2013 no que respecta a medidas específicas sobre os vehículos de fin de serie de categoría L en resposta á pandemia de COVID-19 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2020) 491 final] [2020/0251 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 1547, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 168/2013 no que respecta a medidas específicas sobre os vehículos de fin de serie de categoría L en resposta á pandemia de COVID-19 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2020) 491 final] [2020/0251 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.



3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 11 de setembro de 2020, pola que se declara vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado polo deputado D. Álvaro Pérez López, como consecuencia da súa toma de posesión como secretario xeral da Presidencia da Xunta de Galicia, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 119/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro de 2020)

Examinase a certificación expedida pola Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia na que se acredita que o 11 de setembro de 2020 D. Álvaro Pérez López tomou posesión do cargo de secretario xeral da Presidencia da Xunta de Galicia.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Declarar vacante, por incompatibilidade sobrevida, o escano ocupado, pola circunscrición electoral da Coruña, na lista do Partido Popular, polo deputado D. Álvaro Pérez López como consecuencia da súa toma de posesión como secretario xeral da Presidencia, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 119/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro).

2º. Notificar o presente acordo ao interesado, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, a Intervención e Asuntos Económicos e aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce plenos efectos dende o día 11 de setembro de 2020.

3º. Notificar a presente resolución á Xunta Electoral Provincial da Coruña para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta desta resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.

5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



2.2.5. Composición das comisións

Resolución da Presidencia, do 15 de setembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior (doc. núm. 1909)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 1909, o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior .

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Tomar coñecemento do seguinte cambio na representación do G. P. Popular de Galicia na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior:

Alta: Borja Vereza Fraiz

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios

Creación dunha Comisión non permanente especial de estudo para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de setembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Admitido a trámite o escrito do G. P. Popular de Galicia, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que solicitan a creación dunha Comisión non permanente especial para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade, logo de audiencia da Xunta de Portavoces do 15 de setembro de 2020, favorable á súa creación, que se compoñe de 6 membros —2 por cada grupo parlamentario— e que os seus acordos se adopten conforme o criterio do voto ponderado, a Mesa, ao abeiro do disposto nos arts. 50 e 51 do RPG, adopta o seguinte ACORDO:



1º. Crear unha comisión non permanente coa denominación de Comisión non permanente especial de estudo para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade.

2º. A comisión estará composta de 6 membros —2 por grupo parlamentario— e os seus acordos serán adoptados conforme o criterio do voto ponderado.

3º. Abrir o prazo para que os grupos parlamentarios designen os deputados e deputadas que formarán parte da comisión ata o día 21 de setembro de 2020, ás 18.30 horas.

4º. Comunicar este acordo aos grupos parlamentarios e publicalo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Creación dunha Comisión non permanente especial de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de setembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Admitido a trámite o escrito do G. P. Popular de Galicia, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que solicitan a creación dunha Comisión non permanente especial para a igualdade e para os dereitos das mulleres, logo de audiencia da Xunta de Portavoces do 15 de setembro de 2020, favorable á súa creación, que se compoñe de 6 membros —2 por cada grupo parlamentario— e que os seus acordos se adopten conforme ao criterio do voto ponderado.

A Mesa, ao abeiro do disposto nos arts. 50 e 51 do RPG, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Crear unha comisión non permanente coa denominación de Comisión non permanente especial de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres.

2º. A comisión estará composta de 6 membros —2 por grupo parlamentario— e os seus acordos serán adoptados conforme o criterio do voto ponderado.

3º. Abrir o prazo para que os grupos parlamentarios designen os deputados e deputadas que formarán parte da comisión ata o día 21 de setembro de 2020, ás 18.30 horas.

4º. Comunicar este acordo aos grupos parlamentarios e publicalo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Creación dunha Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de setembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Admitido a trámite o escrito do G. P. Popular de Galicia, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que solicitan a creación dunha Comisión non permanente especial para a seguridade viaria en Galicia, logo de audiencia da Xunta de Portavoces do 15 de setembro de 2020, favorable á súa creación, que se compoñe de 6 membros —2 por cada grupo parlamentario— e que os seus acordos se adopten conforme o criterio do voto ponderado, a Mesa, ao abeiro do disposto nos arts. 50 e 51 do RPG, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Crear unha comisión non permanente coa denominación de Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia.

2º. A comisión estará composta de 6 membros —2 por grupo parlamentario— e os seus acordos serán adoptados conforme o criterio do voto ponderado.

3º. Abrir o prazo para que os grupos parlamentarios designen os deputados ou deputadas que formarán parte da comisión ata o día 21 de setembro de 2020, ás 18.30 horas.

4º. Comunicar este acordo aos grupos parlamentarios e publicalo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Creación dunha Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de setembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Admitidos a trámite:

a) O escrito das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a creación dunha Comisión non permanente especial para acordar un novo modelo que permita a reactivación económica, social e cultural, así como a blindaxe dos servizos públicos, en Galicia.

b) O escrito das deputadas e dos deputados do G. P. Popular de Galicia polo que solicitan a creación dunha Comisión non permanente especial sobre a recuperación económica e social de Galicia a causa da pandemia da covid-19.

A Xunta de Portavoces do 15 de setembro de 2020 amosouse favorable á creación dunha soa comisión, debido á similitude das solicitudes, e que se compoñe de 12 membros, distribuídos pro-



porcionalmente entre os grupos parlamentarios do seguinte xeito: 7 do Grupo Parlamentario Popular, 3 do Grupo Parlamentario do BNG e 2 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

A Mesa, ao abeiro do disposto nos artigos 50 e 51 do RPG, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Crear unha comisión non permanente coa denominación de Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19.

2º. A comisión estará composta de 12 membros, distribuídos proporcionalmente entre os grupos parlamentarios do seguinte xeito: 7 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, 3 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 2 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

3º. Abrir o prazo para que os grupos parlamentarios designen os deputados e deputadas que formarán parte da comisión ata o día 21 de setembro de 2020, ás 18.30 horas.

4º. Comunicar este acordo aos grupos parlamentarios e publicalo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.1. Constitución do Parlamento

2.4.1.3. Validación dos acordos da Deputación Permanente

Resolución da Presidencia, do 15 de setembro de 2020, relativa aos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da Cámara da X lexislatura o 11 de febreiro de 2020

En cumprimento do disposto no artigo 59 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da Cámara o día 11 de febreiro de 2020.

SESIÓNS E ASUNTOS TRAMITADOS POLA DEPUTACIÓN PERMANENTE DESDE A DISOLUCIÓN DA X LEXISLATURA O 11 DE FEBREIRO DE 2020

A Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, desde a disolución da X lexislatura, celebrou dez sesións: 6 e 26 de marzo; 3, 22 e 29 de abril; 7 e 13 de maio; 14 e 19 de xuño, e 31 de xullo de 2020.

Os asuntos tratados e os acordos adoptados foron os seguintes:

— Na sesión do 6 de marzo de 2020

A Deputación Permanente, logo do debate e votación, rexeitou as solicitudes á Mesa para que proceda á convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente dos GG. PP. dos Socialistas



de Galicia, Grupo Común da Esquerda, Bloque Nacionalista e Mixto (doc. núm. 63609 e 63620, 10/SCDP-000005 e 6) por 10 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

— Na sesión do 26 de marzo de 2020

A Deputación Permanente tramitou a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre a evolución da pandemia da covid-19 e as medidas adoptadas respecto desta situación pola Xunta de Galicia (doc. 63758, 10/SCDP-000007).

— Na sesión do 3 de abril de 2020

A Deputación Permanente tramitou as comparecencias:

- do vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a petición propia, para informar sobre os acordos adoptados no seo do CECOP e colaboración institucional na situación de emerxencia sanitaria provocada pola covid-19 (doc. 63782, 10/SCDP-000009)

- e da conselleira de Política Social, a petición propia, co obxecto de analizar as medidas adoptadas nas residencias de maiores e persoas con discapacidade para facer fronte á pandemia da covid-19 (doc. 63782, 10/SCDP-000009).

— Na sesión do 22 de abril de 2020

A Deputación Permanente tramitou as comparecencias:

- do conselleiro de Sanidade, a petición propia, para informar sobre a evolución da pandemia polo novo coronavirus covid-19 en Galicia e as actuacións realizadas desde o sistema sanitario (doc. 63829, 10/SCDP-000013)

- e da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a petición propia, para informar das medidas adoptadas no ámbito educativo ante a situación motivada pola pandemia da covid-19 (doc. 63829, 10/SCDP-000013).

— Na sesión do 29 de abril de 2020

A Deputación Permanente tramitou as comparecencias:

- do conselleiro de Facenda, a petición propia, para informar das medidas adoptadas no ámbito financeiro e orzamentario ante a situación motivada pola pandemia da covid-19 (doc. núm. 63988, 10/SCDP-000014)



- e da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a petición propia, para dar conta das actuacións da Consellaría durante a crise sanitaria provocada pola pandemia ocasionada pola covid-19 (doc. núm. 63988, 10/SCDP-000014).

— Na sesión do 7 de maio de 2020

A Deputación Permanente tramitou a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, a petición propia, para informar sobre a situación actual derivada da pandemia da covid-19 e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto (doc. núm. 64038, 10/SCDP-000015).

— Na sesión do 13 de maio de 2020

A Deputación Permanente tramitou:

1. A comparecencia do conselleiro de Cultura e Turismo, a petición propia, para dar conta do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19 (doc. núm. 64141. 10/SCDP-000016)

2. E as preguntas:

- de Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Álvarez Martínez, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración pola Xunta de Galicia do tratamento da información na CRTVG durante a pandemia da covid-19 (doc. núm. 63905, 10/PODP-007681)

- de Paula Prado del Rio e sete deputados e deputadas máis, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a valoración pola Xunta de Galicia da coordinación no Centro de Coordinación Operativa das actuacións da Administración autonómica, do mando único estatal e das entidades locais galegas durante a emerxencia sanitaria provocada pola covid-19 (doc. núm. 64122, 10/PODP-007766)

- de Luca Chao Pérez, do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, sobre as razóns polas que o Goberno galego non ten posto en funcionamento axudas directas a autónomos que tiveron que pechar as súas actividades por mor da crise sanitaria (doc. núm. 64006, 10/PODP-007704)

- de Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados e deputadas máis, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a valoración polo Goberno galego da actuación do Goberno central en relación á situación das industrias electrointensivas (doc. núm. 64125, 10/PODP-007769)

- de Julio Torrado Quintela e Luis Manuel Álvarez Martínez, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego ante posibles escenarios próximos na evolución de contaxios do virus SARS-CoV-2 tanto en termo inmediato como nunha segunda onda de contaxios (doc. núm. 63970 e corección erros 64168, 10/PODP-007696)

- de Antón Sánchez García e dous deputados e deputadas máis, do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, sobre a actuación inspectora e sancionadora da Xunta de Galicia nos centros de atención a maiores nos últimos anos (doc. núm. 63835, 10/PODP-007663)



- de M^a Montserrat Prado Cores e tres deputados e deputadas máis, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que ten pensado levar a cabo o Goberno galego nas residencias de maiores por mor da pandemia da covid-19 (doc. núm. 63877, 10/PODP-007673)

- de Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Álvarez Martínez, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre o impacto do coronavirus nas residencias de maiores na Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 63907, 10/PODP-007682)

- de Marta Rodríguez Arias e sete deputados e deputadas máis, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre os fondos con que contará a Xunta de Galicia neste exercicio para xestionar o tramo autonómico das subvencións a entidades sociais con cargo ao 0,7 % social do IRPF (doc. núm. 64140, 10/PODP-007782).

— Na sesión do 4 de xuño de 2020

A Deputación Permanente

- logo de debate e votación, rexeitou a solicitude de convocatoria dunha reunión da Deputación Permanente, dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, Bloque Nacionalista e Mixto, co obxecto de que compareza o presidente da Xunta de Galicia para dar conta das medidas que ten previsto adoptar para evitar o peche da fábrica de Alcoa en San Cibrao e garantir o emprego, así como para garantir a continuidade da antiga fábrica de Alcoa na cidade da Coruña, (doc. núm. 64279, 10/SCDP-000018) por 10 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención,

- e tramitou a comparecencia do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, a petición propia, co obxecto de avaliar a situación que atravesa a factoría de Alcoa, en San Cibrao (doc. núm. 64278).

— Na sesión do 19 de xuño de 2020

A Deputación Permanente, logo de debate e votacións, rexeitou as solicitudes de convocatoria dunha reunión da Deputación Permanente, dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, Bloque Nacionalista e Mixto para a comparecencia do conselleiro de Economía, Emprego e Industria para explicar as medidas que adoptou e vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a perda dos empregos en Noa Madera e para a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en que se atopa a CRTVG (doc. núm. 64334 e 64337, 10/SCDP-000019 e 20) por 10 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.

— Na sesión do 31 de xullo de 2020

A Deputación Permanente, logo dos debates e votacións, rexeitou, por 10 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención, as solicitudes de convocatoria dunha reunión da Deputación Permanente:

- dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, Bloque Nacionalista e Mixto para a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en relación co rebrote da covid-19 na Mariña de Lugo (doc. núm. 64465, 10/SCDP-000021)




- e dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para a comparecencia da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional co obxecto de explicar o inicio do curso escolar 2020-2021 e das medidas que vai adoptar para garantir a seguridade fronte á covid-19 (doc. núm. 92, 11/SCDP-000001)

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





De: Comisión Mixta para la Unión Europea <cmue@congreso.es>

Enviado el: miércoles, 9 de septiembre de 2020 11:38

Asunto: Remisión a efectos del artículo 6.1 de la Ley 8/1994 [COM(2020) 483]

Asunto: Propuesta de REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO por el que se modifica el Reglamento (UE) 2018/848, sobre producción ecológica, en lo que respecta a la fecha de aplicación y a otras fechas que en él se mencionan (Texto pertinente a efectos del EEE) [COM(2020) 483 final] [2020/0231 (COD)]

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 8/1994, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.

Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informo de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: cmue@congreso.es

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA


Este correo contén información confidencial e o seu contido está protexido pola lei. Calquera persoa distinta da destinataria ten prohibida a súa reprodución, uso, divulgación ou impresión total ou parcial. Se recibiu esta mensaxe por erro, notifíqueo de inmediato á persoa remitente e borre a mensaxe orixinal xunto cos seus ficheiros anexos. Grazas.

Este correo contén información confidencial e o seu contido está protexido pola lei. Calquera persoa distinta da destinataria ten prohibida a súa reprodución, uso, divulgación ou impresión total ou parcial. Se recibiu esta mensaxe por erro, notifíqueo de inmediato a persoa remitente e borre a mensaxe orixinal xunto





COMISIÓN
EUROPEA



Bruselas, 4.9.2020
COM(2020) 483 final

2020/0231 (COD)

Propuesta de

REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO

por el que se modifica el Reglamento (UE) 2018/848, sobre producción ecológica, en lo que respecta a la fecha de aplicación y a otras fechas que en él se mencionan

(Texto pertinente a efectos del EEE)

ES

ES



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA

• Razones y objetivos de la propuesta

El Reglamento (UE) 2018/848 del Parlamento Europeo y del Consejo, adoptado el 30 de mayo de 2018, establece un nuevo marco normativo para garantizar el adecuado funcionamiento del mercado interior en lo que respecta a la producción ecológica, con el objetivo de seguir desarrollando un sistema general de gestión de las explotaciones y de producción de alimentos que combine las mejores prácticas en materia de medio ambiente y clima, un elevado nivel de biodiversidad, la conservación de los recursos naturales y la aplicación de normas exigentes sobre bienestar animal y sobre producción que respondan a la demanda, expresada por un creciente número de consumidores, de productos obtenidos a partir de sustancias y procesos naturales. Así pues, la producción ecológica desempeña un papel social doble, aprovisionando, por un lado, un mercado específico que responde a una demanda de productos ecológicos por parte de los consumidores y, por otro, proporcionando al público bienes que contribuyen a la protección del medio ambiente, al bienestar animal y al desarrollo rural.

